

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Orde do 9 de outubro de 1991 pola que se regulan as Xuntas Arbitrais do Transporte de Galicia.

As Xuntas Arbitrais do Transporte foron creadas pola Lei 16/1987, do 30 de xullo, como instrumento de protección e defensa das partes intervinientes na actividade de transporte. A súa actividade céntrase na decisión de controversias xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte terrestre e das actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada, cos efectos previstos na lexislación de arbitraje, sempre que a contía en litixio non exceda de 500.000 ptas., e non exista pacto expreso en contrario, sendo facultativo o sometemento á arbitraje destes órganos cando a contía exceda das citadas 500.000 ptas.

Unha vez desenvolvida regulamentariamente a constitución e o funcionamento dos citados órganos polo Real decreto 1.211/1990, do 28 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, sobre delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable, resulta necesario constituí-las Xuntas Arbitrais do Transporte na Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se dicta a presente orde, de acordo coas previsións legais na materia.

Na súa virtude, oído o informe do Consello Galego de Transportes,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créase a Xunta Arbitral do Transporte da Comunidade Autónoma de Galicia, a cal adecuará a súa organización e funcións ó previsto na presente orde, de conformidade coa normativa vixente de carácter estatal.

Artigo 2º

Correspóndenlle á Xunta Arbitral do Transporte da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes funcións:

a) Resolver, cos efectos previstos na lexislación de arbitraje, as controversias de carácter mercantil xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte terrestre e das actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada entre as partes intervinientes ou que ostenten un interese lexítimo neles, sempre que a contía da controversia non exceda de 500.000 ptas., salvo pacto expreso das partes en contrario. Nas controversias nas que a contía exceda de 500.000 ptas., as partes contratantes poderán pactar voluntaria e expresamente o sometemento á arbitraje da xunta. Estarán excluídas das competencias da xunta as controversias de carácter laboral ou penal.

b) Informar e dictaminar, por petición da Administración ou das persoas que xustifiquen un interese lexítimo, sobre as condicións de cumprimento dos contratos de transporte terrestre e de actividades auxiliares e complementarias de transporte por estrada, as cláusulas xerais e particulares da súa execución, as incidencias derivadas desta execución, as tarifas aplicables e os usos de comercio de observancia xeral.

c) Actuar como depositarios e realizar, se é o caso, o alleamento das mercadorías non retiradas que corren risco de perderse ou que non tivesen pagados os portes, para o fin de garanti-la súa percepción polo transportista segundo o previsto nos artigos 10, 11.2 e 12 do Real decreto 1.211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

d) Realizar, por instancia de calquera dos interesados, se existen dúbidas ou discusións entre estes sobre o estado dos efectos transportados, previamente á eventual formulación das controversias a que se refire o apartado a, as funcións de peritación sobre o estado dos citados efectos, procedendo, se é o caso, ó depósito destes.

e) As demais que lle sexan expresamente atribuídas polo conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para facilita-lo cumprimento do contrato de transportes e para protexe-los intereses dos transportistas e dos usuarios ou cargadores.

As funcións previstas nos apartados anteriores serán exercidas pola xunta, en relación cos transportes terrestres e, así mesmo, en relación cos que se desenvolvan en virtude dun único contrato por máis dun modo de transporte, sempre que un destes sexa terrestre.

Artigo 3º

A Xunta Arbitral do Transporte de Galicia terá a súa sede na cidade de Santiago de Compostela e a súa competencia estenderase a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º

A competencia da xunta para realiza-las funcións previstas nos apartados a e b do artigo 2 virá determinada polo feito de que o lugar de orixe ou destino do transporte ou de celebración do correspondente contrato estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, á escolla do peticionario ou demandante; en todo caso, e con independencia dos criterios sinalados, terase en conta o que expresamente e por escrito pactasen as partes no contrato respecto da submisión a unha xunta concreta.

Artigo 5º

As funcións previstas nos apartados c e d do artigo 2 serán de competencia da xunta cando as mercadorías estean situadas dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º

A Xunta Arbitral do Transporte da Comunidade Autónoma de Galicia comporase dun presidente e tres ou catro vocais, designados todos eles polo director xeral de Transportes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O presidente e, se se considera procedente, dúas das vocalías como máximo serán designadas entre persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia con coñecemento das materias de competencia da Xunta Arbitral de Transportes, debendo o presidente ser licenciado en dereito.

Unha das dúas vocalías restantes será ocupada por un representante dos cargadores ou dos usuarios. Para tal efecto designaranse dúas persoas que actuarán, respectivamente, nas controversias segundo estas se refiran a transportes de viaxeiros ou de mercadorías; a primeira delas será nomeada por proposta das asociacións representativas dos empresarios cargadores.

A outra vocalía será ocupada por un representante das empresas de transporte ou das actividades auxiliares e complementarias deste. Para tal efecto designaranse tres persoas que actuarán, respectivamente, nas controversias, segundo estas se refiran a transportes de viaxeiros ou de mercadorías, das cales unha será representante do sector das empresas de viaxeiros, outra do de mercadorías, e a terceira, das empresas de transporte por ferrocarril. O nomeamento destas persoas realizarase por proposta das asociacións profesionais do sector na Comunidade Autónoma de Galicia e de RENFE e FEVE.

Artigo 7º

As distintas persoas a que se refire o artigo anterior actuarán como vocais segundo cal sexa o sector do transporte ó que se refira a controversia. Cando o conflito se suscite entre dúas empresas transportistas ou de actividades auxiliares e complementarias de transporte, non actuará o vocal representante dos cargadores ou usuarios, sendo as dúas vocalías ocupadas polos representantes dos dous sectores ós que correspondan as empresas en conflito, cando estes foran diferentes e estivesen designados representantes distintos para ambas, ou actuando soamente o único vocal competente cando non se dean estas últimas circunstancias.

Nas controversias que poidan xurdir entre os empresarios do sector e os usuarios, a xunta, ademais dos representantes da Administración, estará integrada por un vocal designado conforme o procedemento anteriormente establecido, mentres que o outro será un representante das asociacións de consumidores e usuarios.

Artigo 8º

O conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas designará, así mesmo, o secretario da Xunta

Arbitral do Transporte, debendo adscribir á secretaría desta o persoal auxiliar que resulte preciso para o seu funcionamento.

Poderán designarse membros suplentes tanto do presidente como dos vocais e secretario da xunta.

Artigo 9º

Tanto nas normas procedementais como en todo o non previsto nos artigos anteriores, terase en conta o establecido no Real decreto 1.211/1990, do 28 de setembro, e disposicións que o desenvolven, e na Lei 36/1988, do 5 de decembro, sobre réxime xurídico da arbitrase.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.—O presidente da Xunta Arbitral do Transporte poderá, por razóns de eficacia, delega-lo exercicio das funcións establecidas nos apartados *c* e *d* do artigo 2º desta orde nos xefes dos servicios provinciais de Transportes, debendo estes deixar constancia do carácter co que actúan, dando conta á xunta das súas actuacións.

Segunda.—Autorízase o director xeral de Transportes para crear novas xuntas arbitrais e determina-lo seu ámbito territorial de competencia.

Terceira.—Facúltase o director xeral de Transportes para dicta-las resolucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 1991.

José Cuiña Crespo

Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 337/1991, do 17 de outubro, polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Cambados, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de camiño CB-6 de Pardiño a Telleira.

O Concello de Cambados (Pontevedra), en sesión celebrada o día 29 de marzo de 1990, aprobou o proxecto de camiño CB-6 de Pardiño a Telleira e na sesión do 27 de setembro de 1990 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó amparo do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.